



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

**NÚMERO 10/17
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2017.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e oito de setembro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Coteló, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luis Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistentes polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyro.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1.º- Aprobación de actas de sesións anteriores.-

O sr. Anido di que desexaría que as actas se puideran aprobar sen tanto atraso e pola súa orde, e pregunta a causa de que falte aquí a acta n^o 7, sendo informado polo Secretario de que aínda non foi dita acta entregada pola Secretaría accidental debido á carga de traballo que está soportando. Apróbanse por unanimidade as actas das sesións anteriores n^o 5 de 25-5-2017, n^o 6 de 29-6-2017, n^o 8 de 12-8-2017 e n^o 9 de 31-8-2017.-

2.º- Expediente de modificación de crédito 34/2017. Crédito extraordinario 4/2017: Inversiones financieramente sostibles.-

Dada conta do ditame favorable da Comisión Xeral sobre a proposta da Alcaldía de concesión de crédito extraordinario para a realización de investimentos financieramente sostibles, o sr. Alcalde expón dita proposta destacando a importancia deste investimento, en conta de 843.766,97.- euros, con recursos exclusivamente municipais.-

O sr. Suárez, polo grupo BNG, maniféstase a favor destes investimentos sostibles. O sr. Gómez, polo PDSF, que este ditame non debería someterse ao Pleno porque a segunda convocatoria da Comisión informativa Xeral fíxose irregularmente; ademais non hai proxectos nin sequera memorias deses investimentos, non se pode saber ningún dato desas obras; por estes motivos o seu grupo votará en contra. A sra. Bolaño expón a posición favorable do grupo PSOE sobre esta proposta que atende ás necesidades existentes e trata de integrar á sociedade no uso dos recursos públicos. O sr. Anido, polo grupo PP, di que se propón ao Pleno un investimento tan importante sen sequera un informe técnico, xustificáanse as obras cun folio, sin proxecto nin nada; considera que non hai que parchear Sada, senón cambiala; o seu grupo votará en contra porque non é nin prudente nin serio dilapidar desta forma o 50% do remanente de Tesourería. A instancia da Alcaldía o sr. Interventor informa de que o expediente está completo, trátase dunha modificación de créditos e non de aprobar proxectos técnicos nin de contratar. O sr. Alcalde defende a importancia destas obras para o futuro de Sada, lamenta que se bloquee desta forma o investimento e que a algúns lles importe mais a loita política que a cidadanía.-

Efectuada a votación, queda desestimado por maioría, con nove votos en contra dos grupos PP e PDSF e oito votos a favor dos restantes grupos, o ditame da Comisión Xeral sobre o expediente de modificación de crédito 34/2017, Crédito extraordinario 4/2017: Inversiones financieramente sostibles.-

3.º- Proposta de fixación de festas locais para o Calendario Laboral 2018.-

Visto o escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, solicitando o envío antes do día 15 de outubro próximo da proposta do Pleno do Concello na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal, que como festas locais por tradición propia corresponde incorporar ao Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2018, conforme ao disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, de conformidade co ditame da Comisión Informativa Xeral acórdase por unanimidade:

Propoñer para a súa inclusión no Calendario Provincial de Festas Laborais para o ano 2018 as datas seguintes:

- 13 de febreiro (martes de Entroido)
- 16 de agosto (festividade de San Roque).-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Control

de Órganos de Goberno:

4.- Informes e comunicacións.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 28-8-2017 a 29-9-2017.-

5.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, presentázanse as seguintes mocións de urxencia.-

5º.1.- Moción do Grupo PSOE relativa ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero.-

A sra. Bolaño presenta a moción do grupo PSOE sobre o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, informando de que se substitúe a expresión “goberno da nación” por “goberno do Estado”, xustificando a urxencia da moción na necesidade de poñer fin á lacra da violencia contra a muller.-

Apróbase por maioría a urxencia da moción, con sete votos en contra do grupo PP e dez votos a favor do resto dos grupos, e a sra. Bolaño procede á súa exposición, dicindo que o pacto recolle as propostas que aprobaron o Senado e o Congreso, que non son todas as iniciativas presentadas polo grupo Socialista, senón que o Pacto figuran as que foron aceptadas por todos os grupos parlamentarios, e que o seu grupo considera que estes acordos son necesarios pero non suficientes e por iso seguirán reivindicando máis avances nesta materia.-

A sra. Reimúndez di que o seu grupo vai apoiar a moción, a pesar de que considera insuficientes as medidas propostas por non contar con perspectiva de xénero e non responder a outros tipos de violencia contra as mulleres, ademais de non estar previsto o financiamento do pacto ata 2018.-

Manifestázanse tamén a favor da moción os grupos PDSP e Sadamaioiría. A sra. Salorio manifesta que o grupo PP non votou a favor da urxencia da moción porque hoxe mesmo aprobáronse no Congreso as medidas para poñer en marcha o Pacto, ademais estase a elaborar un pacto galego contra a violencia machista, e o goberno da Xunta xa ten en marcha diversas actuacións ao respecto das que fala. Polo que o seu grupo votará en contra da moción, xa que xa se están levando a cabo as medidas de que se trata.-

Efectuada a votación, apróbase por maioría, con dez votos a favor dos grupos Sadamaioiría, PSOE, PDSP e BNG, e con sete votos en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Solicitar ao Goberno do Estado que se acurten os prazos establecidos, dado que o PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO significa loitar contra un gravísimo asunto que afecta á seguridade das mulleres como cidadás.-

2º.- Solicitar tamén ao Goberno do Estado que poña en funcionamento as medidas adoptadas no PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, especialmente aquelas medidas que teñen que ver coas entidades locais e o papel que lles corresponde no ámbito da atención e protección das mulleres vítimas, as súas fillas e fillos.-

3º.- Solicitar ao Goberno do Estado que de maneira urxente active e traslade as partidas orzamentarias acordadas para a execución dos acordos do PACTO, ao conxunto das administracións implicadas: Comunidades e Cidades Autónomas, Deputacións Provinciais, Cabidos Insulares e Concellos.-

4º.- Dar traslado da Moción e a súa aprobación ao Presidente do Goberno, a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, así como ao conxunto de Ministerios implicados.-

5º.2.- Moción dos Grupos Sadamaioiría e BNG sobre a situación en Cataluña.-

O sr. Montouto presenta a moción conxunta dos grupos Sadamaioiría e BNG sobre a situación en Cataluña, xustificando a súa urxencia en que os membros da Corporación, como cargos públicos, teñen que manifestar que se está poñendo en perigo os dereitos e liberdades co que está acontecendo en Cataluña.-

Sometida a votación a urxencia da moción, resulta a mesma desestimada por maioría, con nove votos en contra dos grupos PP e PDSP e oito votos a favor dos restantes grupos.-

5º.3.- Moción do Grupo PP relativa ás ocupacións ilegais de vivendas.-

A sra. Pose expón a moción do grupo PP relativa ás ocupacións ilegais de vivendas, actividade delictiva que prexudica aos propietarios e aos restantes veciños dos inmobles ocupados e que non realizan familias en risco de exclusión social, senón mafias organizadas, problemática esta que xustifica a declaración de urxencia da moción.-

Sometido o asunto a votación, resulta estimada a declaración de urxencia da moción por maioría, con nove votos a favor dos grupos PP e PDSP e oito votos en contra dos restantes grupos, dando lectura a sra. Pose á moción.-

O sr. Suárez di que con esta moción o PP de Sada insta ao goberno da Xunta a que promova as medidas que propoñen, pero é o seu propio grupo o que ten maioría no Parlamento galego; cre que os propoñentes da moción deben ler o Código penal, para logo debater que é o que queren cambiar del; preguntábase que fixo o PP noutros concellos onde existe esta problemática.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

A sra.

Bolaño considera que o PP reduce dereitos e logo fai reformas lexislativas que aínda limitan mais os dereitos e que semella que lles interesan mais os inmobles que as vidas humanas, xa que antes votaron en contra da moción sobre violencia de xénero. O seu grupo votará en contra.-

O sr. Montouto considera que a moción reflicte o ideario do PP, represión, protección da propiedade e desinterese pola xente; cre que o dereito constitucional á propiedade xa está suficientemente protexido, non así outros como o dereito a unha vivenda digna; o seu grupo votará en contra.-

A sra. Pose di que é preciso modificar a Lei de Axuizamento Criminal para que os propietarios de vivendas poidan recuperarlas; a propiedade privada é importante e debe ser defendida, trátase de modificar a lei para

axilizar os desaloxos, o que non quere dicir que haxa xente sen recursos vivindo na rúa, pero hai que acabar coas mafias que chantaxean aos propietarios de inmobles.-

Efectuada a votación, apróbase por maioría, con nove votos a favor dos grupos PP e PDSP e oito votos en contra dos grupos Sadamaioría, PSOE e BNG, o seguinte acordo:

1º.- O Pleno do Concello de Sada maníesta o seu rexetamento e condena as ocupacións ilegais de inmobles e insta á policía local a colaborar coas autoridades xudiciais no seu desaloxo en defensa do dereito constitucional á propiedade privada.-

2º.- O Pleno do Concello de Sada insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles. Sinaladamente:

a) A modificación do artigo 245 do Código penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.-

b) A potenciación lexislativa dos xa existentes procedementos por xuízo rápido como procedementos modelo para os delitos de ocupación de inmobles dentro da regulación do artigo 795 da Lei de axuizamento criminal.-

c) As modificacións lexislativas necesarias para posibilitar a adopción de medidas cautelares tendentes ao desaloxo de inmobles desde o comezo da instrución sumarial.-

3º.- O Pleno do Concello de Sada insta á Xunta de Galicia á elaboración dun protocolo entre a Delegación do Goberno en Galicia e a Fiscalía Superior a fin de que, no marco do xa vixente artigo 795 da Lei de axuizamento criminal, promova que os delitos relacionados coa ocupación de inmobles sexan obxecto de xuízos rápidos.

4º.- O Pleno do Concello de Sada insta ao goberno municipal a arbitrar, naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia.-

6º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez apela ao compromiso do sr. Alcalde de responder por escrito a todas as preguntas que o PDSP lle fixo nas diferentes sesións plenarias celebradas dende o principio do mandato e lle pregunta que cando o vai facer, respondendo o sr. Alcalde que é verdade que hai preguntas sen responder e as contestará.-

O sr. García Coto pregunta ó sr. Alcalde se está de acordo coa afirmación feita no pleno anterior de que non se pode desenvolver un Plan Especial sen ter aprobado o Plan Xeral, ao que contesta o sr. Alcalde que non sabe se legalmente é posible ou non, pero que para o caso do Plan Especial das Brañas é desexable que vaia de acordo co Plan Xeral. Contesta tamén o sr. Montouto dicindo que si se pode desenvolver un Plan Especial pero que non o van facer cunha ordenación urbanística provisional e que van a agardar á aprobación do Plan Xeral para desenvolver o Plan Especial das Brañas.-

A sra. García Freire fai os seguintes rogos e preguntas:

1) Roga ó sr. Alcalde que se inicien as xestións necesarias para a retirada de eucaliptos na zona do acantillado de Morazón antes de que ocasionen un perigo para a praia, igual que se fixo recentemente no Concello de Bergondo. O sr. Montouto di que o que se fixo en Gandaño foi en execución dunha sentenza. O sr. Alcalde di que se fará a oportuna solicitude a Costas, como se fixo en 2010.-

2) Considera urxente actuar nos tres locais que se utilizan para actividades extraescolares no colexio de Mondego, que están en moi malas condicións. A sra. Bolaño contesta que as reparacións de centros por parte do Concello veñen dadas polas prioridades que establecen os propios centros educativos e que non lle consta que haxa ningunha petición por parte de ningún do Centro Pedro Barrié de la Maza para arranxar eses locais, aínda que se informará do asunto coa ANPA e coa dirección do centro en cuestión.-

3) Pregunta en que punto está a contratación do servizo de limpeza dalgúns edificios municipais, dado que na actualidade están en mal estado de limpeza e roga a súa axilización. O sr. Alcalde responde dicindo que falta elaborar o Prego de Cláusulas Administrativas para efectuar a contratación.-

O sr. Anido fai os seguintes rogos:



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

- 1) Lembra que no Pleno de agosto do 2007 se acordou facultar ao Alcalde para facilitar as xestións necesarias coa Deputación Provincial de A Coruña e a Consellería de Cultura para a constitución dunha comisión institucional de traballo, na que tamén participe o propio Concello de Sada, co obxecto de explorar as posibilidades de recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio de Sada e pide que se lles facilite as conclusións acadadas así como copia das actas das reunións mantidas por esa comisión.-
- 2) O sr. Anido roga ó sr. Alcalde que non continúe coa soberbia manifestada neste pleno, no que non aplicou o artigo 50 do ROM ao non permitir unha segunda quenda de réplica nun debate tan importante como o da modificación de créditos, para investir 850.000 euros sen contar co partido maioritario da oposición. O sr.

Alcalde di que seguirá traendo ao Pleno as iniciativas que necesitan os veciños aínda que o grupo PP vote en contra, seguirá sendo este o concello mais saneado da comarca e a xente non terá cubertas as súas necesidades.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de inaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-